

GUÍA DE INSTALACIÓN E USO DA PLATAFORMA

WEBEX

Webex é un servizo de videoconferencia proporcionado pola Consellaría de Educación, en colaboración coa empresa tecnolóxica *Cisco*, para a realización de clases *online* durante este período extraordinario de confinamento e suspensión do período lectivo por mor da pandemia do virus COVID-19.


O seu uso por parte do alumnado non ten grandes dificultades, aínda que si require unha serie de **pasos preparatorios** que lle paso a expoñer para axudar nese proceso de inscrición na plataforma.



Se se conecta a Webex desde o ORDENADOR, ou PC.

O alumnado accederá á lección *online* a través do enderezo web <https://eduxunta.webex.com/meet/ferron>


Aquí deberá escribir:
eduxunta.webex.com/meet/ferron




A última palabra será o **único** elemento que variará entre os distintos profesores que usen a plataforma.

A entrada nese enderezo comportará a **descarga automática dun programa cliente que se instalará no ordenador** e cuxo uso é imprescindible para acceder ás diferentes sesións de videoconferencia.

A seguinte pantalla será como sigue...



Ao entrar nese enderezo e como xa se indicou, automaticamente iniciarase a descarga do programa cliente, que deberán **instalar** no seu ordenador para poderen acceder.



Sen moitas máis complicacións deberíaselle abrir unha ventá semellante á seguinte:





Ollo! Esta é aínda unha **previsualización**. Para entrar completamente na sala, deben clicar na opción “*Start meeting*” / “*Iniciar reunión*”.




Se se conecta a Webex desde táblet ou móbil...

Neste caso, o primeiro de todo é **descargar** na *App Store* ou na *Play Store* – en función do sistema operativo do teléfono móbil ou da táblet – a aplicación **Cisco Webex meetings**.




Ollo! Non é unha aplicación precisamente pequena. Asegúrese de ter espazo abondo!


Ao abrir a aplicación e como en calquera outra *app*, deberán **aceptar os termos** e as condicións de uso. É un paso obrigatorio para continuar o proceso.



Unha vez dentro da aplicación, apareceralles o seguinte menú, debendo premer na opción **“Join meeting” / “Unirse a la reunión”**



Ao darlle, apareceralles unha **nova ventá** cos seguintes datos a cubrir...



- 1 eduxunta.webex.com/meet/ferron
- 2 O nome do alumno/a.
- 3 O seu correo electrónico.

Unha vez cuberto eses datos, premen en **JOIN / UNIRSE A LA REUNIÓN**, arriba á dereita.

Et voilà!

INSTRUCCIÓN PARA VIDEOCONFERENCIA para as familias

Mirade primeiro este tutorial

https://www.youtube.com/watch?v=BU6_7ZfcDk

- En ORDENADORES

- En Windows 10, preferiblemente cos navegadores Chrome ou Firefox,
- En MAC OS, co navegador Safari.


- MÓBILES OU TABLET HAI QUE DESCARGAR E INSTALAR PREVIAMENTE A APP **WEBEX MEET**

TEMOS QUE AUTORIZAR O ACCESO AO MICRÓFONO E A CÁMARA DE VÍDEO.


- 1) Para acceder hai que abrir o meu correo e copiar ou clicar no enlace

<https://eduxunta.webex.com/meet/ferron>

Nos ordenadores aparecerá un diálogo similar a este y damos a UNIRSE



E A CONTINUACIÓN APARECERÁ O SEGUINTE : E pouco a pouco irase vendo o video.



Os símbolos de micrófono e cámara teñen que estar en negro para poder falar e que nos vexan. Para saír da reunión damos na X.

Nos MÓBILES OU TABLETS pedirá un nome (o do alumno/a) e logo un usuario e hai que poñer.

nonresponder@edu.xunta.gal .Logo xa hai que seguir as indicacións e UNIRSE.